

**MOLIÑEIRA E XOTA DOS ANCARES**  
RECOLLIDAS NOS ANCARES, (LUGO).

MOLIÑEIRA

MIÑA NAI E MAILA TÚA  
VAN XUNTAS Á ROMERÍA  
MIÑA NAI E MAILA TÚA  
VAN XUNTAS Á ROMERÍA  
SE A MIÑA VIÑA BORRACHA  
A TÚA XA NON SE TIÑA  
OI ELE LOLA LALALA  
AI ALA LALA LALALA

NESTE LUGARCIÑO NOVO  
AMORES HEI DE TOMAR  
NESTE LUGARCIÑO NOVO  
AMORES HEI DE TOMAR  
OU NA CIMA OU NO FONDO  
OU NO MEDIO DO LUGAR  
OI ELE LOLA LALALA  
AI ALA LALA LALALA

E O CURA DE VILAVERDE  
TENCHE A BARRIGA FURADA  
E O CURA DE VILAVERDE  
TENCHE A BARRIGA FURADA  
QUE LLA FURARON OS RATOS  
PENSANDO QUE ERA EMPANADA  
OI ELE LOLA LALALA  
AI ALA LALA LALALA

XOTA

MÁNDANME TOCA-LA JOTA  
EU A JOTA NON A SEI  
POR DAR GUSTO ÓS SEÑORES  
EU A JOTA TOCAREI

REDOBRA REDOBRA  
VOLTA A REDOBRAR  
CON ESTE REDOBRE  
VASME ENGANAR

SALIR MOZOS , SALIR MOZOS  
SALIR MOZOS A BAILAR  
LEVE O DEMO TANTOS MOZOS  
COMO NESTE POBO HAI

REDOBRA REDOBRA  
VOLTA A REDOBRAR  
CON ESTE REDOBRE  
VASME ENGANAR

ESTA PANDEIRA QUE EU TOCO  
É DE PELICA DE CORZO  
TÓCANA EN PELLICEIRA  
RESOA EN ARANDOXO

REDOBRA REDOBRA  
VOLTA A REDOBRAR  
CON ESTE REDOBRE  
VASME ENGANAR